

MESA SECTORIAL DO DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS CELEBRADAS O 14 DE XUÑO E 25 DE OUTUBRO.

Apróbase as actas da sesións referidas unha vez feitas as alegacións correspondentes por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DAS MATERIAS OPTATIVAS DO BACHARELATO E SE REGULA A SÚA OFERTA.

Solicitamos que a Administración non poña ningunha data concreta para obrigar a entrega das programacións PROENS. No seu momento ANPE Galicia xa manifestou o seu malestar polo feito de que se obrigase ao profesorado a programar sobre documentos que aínda non estaban publicados oficialmente. Aínda a día de hoxe estanse producindo visitas da inspección aos centros para explicar o funcionamento da aplicación PROENS, Debe darse un prazo de, polo menos este trimestre, para poder elaborar as programacións didácticas e agardamos saír desta mesa sectorial cun compromiso da Administración neste sentido. Tamén debería abordarse unha adaptación da aplicación informática a profesorado específico como pode ser o caso do profesorado de Educación Infantil que ten máis dificultades para adaptar as súas programacións á ferramenta PROENS.

Con respecto ao tema dos currículos entendemos que están elaborados por expertos pero gustaríanos facer algunha aportación máis xeral.

Creemos que debe haber unhas normas comúns para todos os centros para poder ofertar materias optativas para evitar as situacións producidas a comezo do presente curso escolar onde, nalgún caso, se obrigou aos centros a modificar horarios xa feitos para ofertar optativas a un alumno e noutros centros non se ofertaba porque soamente había 4 alumnos, por exemplo. Debe haber normativa común.

Desde ANPE Galicia demandamos, como facemos sempre, que se controlen perfís de prazas con afíns “pouco habituais” para que se minimicen os casos que se producen curso tras curso.

Transmitimos tamén achegas do Colexio de Licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e de colectivos de profesorado de Sistemas e Aplicacións Informáticas.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCAN PROCEDIMENTOS SELECTIVOS DE INGRESO AOS CORPOS DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES ESPECIALISTAS EN SECTORES SINGULARES DA FORMACIÓN PROFESIONAL, DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E DE MESTRES (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO ED001A).

Comezar por tres cuestións xerais antes de entrar nalgún aspecto concreto do proxecto de orde. En relación á Convocatoria, sabemos que debe publicarse antes de finais de ano pero sería positivo (de cara a evitar a inscrición de xente que non precisaría matricularse) que o prazo de presentación de solicitudes comezase unha vez coñecida e publicada a resolución provisional do concurso excepcional de méritos.

Como segunda consideración xeral gustaríanos que a orde de convocatoria estableza explicitamente que todas as probas deben centrarse na normativa LOMLOE para evitar confusións entre

os cursos pares e os cursos impares. **A Administración aclarará no texto que todo debe ir referido á nova lei.**

Para finalizar as consideracións xerais consideramos que a elaboración das probas prácticas debe obedecer a uns criterios claros e pulcros e que se adapten aos currículos actuais.

Tamén nos gustaría solicitar que non se nomeen de novo como presidentes de tribunais a aquelas persoas que provocaron problemas en convocatorias anteriores.

Entrando no articulado da Orde:

- No apartado 1.5 entendemos que a letra T corresponde á distribución dos aspirantes en tribunais e tamén para a orde de actuación. **A Administración aclara que así é.**
- No apartado 6.2 demandamos unha ampliación do número de días.
- Solicitamos que se amplíe a antelación dos chamamentos de 24 a 48 horas.
- No apartado 6.5 demandamos que se especifique que hai que facer no caso de pago duplicado de taxas (se hai que solicitar ou non a devolución) ou no caso de erro no pago das taxas. **A Administración resposta que debe reclamarse por parte do afectado xa que non a Administración non pode proceder á devolución de oficio xa que non lles consta os datos bancarios da persoa afectada.**
- No apartado 7.10 demandamos que se faga efectivo o que este ano, por primeira vez, aparece en negrita: a obriga de publicar as respostas dos exames, os exames propiamente ditos e os criterios e non quede soamente no papel.
- No apartado 7.10.2 demandamos que a valoración dos méritos sexa realizado por unha comisión específica e non por os tribunais. **A Administración afirma que non vai a haber comisión de valoración pero a Consellería dará acceso aos tribunais á información da que dispoñan da baremación do concurso de méritos excepcional.**
- No apartado 18.4 demandamos unha compensación económica para os titores e titoras. No caso de que isto non fose posible demandamos que se aumente o recoñecemento que se outorga en horas de formación. **A Administración non vai a tocar nada neste aspecto.**
- No apartado 18.5 demandamos, para evitar problemas, que toda a formación que a Consellería considere que vai a ser obrigatoria, a contemple no texto da Orde.
- En relación ao baremo demandamos que se puntúe o nivel C1 de galego. **A Administración entende que non se pode baremar.**

A Administración aclara tamén que NON HABERÁ procedemento de adquisición de novas especialidades.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos que se abran negociacións sobre un novo modelo de calendario escolar e que se faga un estudo serio para poder facelo.
- Demandamos que se estableza un complemento retributivo para os mentores ADIX xa que noutras Comunidades o están percibindo. Denunciar tamén o caos de principios de curso onde estiveron realizando funcións que non lles competen. **A Administración resposta que en Galicia non hai normativa que regule dito complemento polo que non se pode percibir.**
- Demandamos datos sobre a participación no Concurso excepcional de méritos. **A Administración resposta que aproximadamente 11.000 persoas e máis de 12.000 solicitudes.**

- Demandamos que se restitúa o cobro dos meses de verán para o persoal substituto que traballe máis de cinco meses e medio durante o curso escolar que foi paralizado xa hai 10 anos. Agora é o momento xa que se están a negociar os orzamentos da Comunidade Autónoma.
- Demandamos a publicación da Orde de licenzas de formación. **A Administración resposta que está pendente da autorización final de Facenda.**
- Demandamos o establecemento dun complemento económico compensador para o profesorado afectado polo proceso de integración do profesorado de PTFP no corpo de PES.
- Demandamos a publicación da actualización das listaxes de substitucións.
- Demandamos unha solución ao tema da figura do Coordinador/a de Benestar.
- Solicitamos unha revisión “con lupa” das prazas que saen a concurso de traslados nos Conservatorios Superiores de Música. Hai que obrar con prudencia respecto a un tema que está xudicializado.
- Solicitamos o comezo de negociacións para a redución de rateos, redución de horario lectivo do profesorado e redución da burocracia nos centros educativos.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 20:15 horas.